

BEATRIZ CAO GONZALEZ, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE TOÉN (OURENSE)

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno local do Concello de Toén (Ourense), na sesión que tivo lugar o día 16.03.2023 adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade, a reserva do que resulte da aprobación da acta correspondente:

6.3. Proposta de concesión d subvención da Asociación Cultural Breogán para gastos de funcionamento (Exp.146/2023)

Nesta orde do día o Sr. Alcalde fai a proposta á Xunta de Goberno Local de concesión de subvención da Asociación Cultural Breogán para gastos de funcionamento. Expediente 146/2023 co seguinte contido:

“Solicitud de subvención da Asociación Cultural Breogán para gastos de funcionamento (Exp.146/2023)

Dáse conta da instancia presentada por Mario González Araújo, en nome e representación da Agrupación Cultural Breogán, con CIF G32137267, en calidade de presidente, pola que solicita a concesión dunha axuda económica para atender os gastos de impartición de clases de canto.

A dita entidade está inscrita no Rexistro municipal de Asociacións do Concello de Toén en virtude do decreto da Alcaldía de data 25/04/2005. A persoa física que a representa figura no rexistro co cargo de presidente (comunicación do cambio da Xunta Directiva - rexistro de entrada nº 2002, de data 29/10/2019).

Nas bases de execución (base 24ª, apartado 1) do orzamento do Concello de Toén do exercicio 2022 consta unha axuda con carácter nominativo para a Asociación Cultural Breogán, con CIF G32137267, polo importe máximo de 3.600,00 €, para gastos de funcionamento.

De acordo co disposto na Ordenanza reguladora da concesión de subvencións aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 18/11/2004, publicada no BOP nº 19, do 25/01/2005, a Xunta de Goberno Local, co voto favorable de todos/as os/as concelleiros/as que a integran e en uso das atribucións delegadas pola Alcaldía mediante decreto de data 16/06/2020 (BOP nº 151, do 03/07/2020), ACORDA:

PRIMEIRO-. Concederlle á Agrupación Cultural Breogán, con CIF G32137267, unha subvención baixo a modalidade de concesión directa prevista no artigo 5.b.1 da



Ordenanza reguladora de subvencións deste Concello polo importe de 3.600,00 €, cantidade recollida na base 24ª das bases de execución do orzamento municipal do exercicio 2023, con cargo á aplicación 330.48 do estado de gastos. A cantidade concedida irá destinada exclusivamente a sufragar os gastos derivados do funcionamento e actividades da entidade beneficiaria durante o ano 2023 (inclúense gastos de desprazamento; manutención; vestiario; equipamento musical, e outros necesarios para o desenvolvemento das actividades propias da entidade beneficiaria). Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedente doutras administracións ou entes públicos ou privados, se ben en ningún caso o importe dos fondos recibidos poderá superar o custo da actividade subvencionada.

SEGUNDO.- O pagamento da subvención realizarase unha vez concluída a actividade e previa a presentación da conta xustificativa do gasto realizado.

TERCEIRO.- De acordo co establecido nos artigos 75 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 3/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e 10 da Ordenanza reguladora da concesión de subvención do Concello de Toén; a entidade beneficiaria deberá presentar nas oficinas municipais antes do día 01/12/2023 a conta xustificativa que conterá a seguinte documentación:

- ✓ Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.*
- ✓ Facturas orixinais ou compulsadas xustificativas do investimento da subvención na finalidade para a que foi concedida. Xustificarse o seu pagamento.*
- ✓ Declaración subscrita polo beneficiario ou o seu representante relativa á inexistencia doutras subvencións ou axudas que obtiveran para a mesma finalidade ou, no seu caso, mención expresa dos outros ingresos ou axudas que financiasen a actividade, con indicación do seu importe e procedencia.*
- ✓ Un exemplar do programa, cartel anunciador ou outra documentación gráfica elaborada para o desenvolvemento das actividades da entidade debendo constar neles o patrocinio do Concello de Toén.*
- ✓ Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria e Consellería de Facenda) e de Seguridade Social. Presentaranse as*



correspondentes certificacións dos ditos organismos.

Logo da súa lectura o Sr. Alcade sométea a votación resultando aprobada por unanimidade dos membros presentes.

E para que conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación por orde e co visto e praxe do alcalde.

(Documento asinado electronicamente)

